2025_CCP_01_000431	ASOC DE VECINOS DE SAN ANDRES DE CASTRO	G27****67	LUGO	VIAXE CULTURAL	SOLICITUDE DUPLICADA CON EXPTE 2025_CCP_01_000426 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, CADA ENTIDADE SOAMENTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2025_CCP_01_000616	ASOC. CULTURAL DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE LABIO	G75****56	LUGO		SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000814	A.C.D.R.H. PAX ROMANA LUCUS (EN CONSTITUCIÓN)	G27****22	LUGO	OBRADOIROS ARDE LUCUS	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000724	ASOC CULTURAL CANTIGAS E FRORES	G27****18	LUGO	CURSOS ELABORACIÓN SAÍAS TRADICIONAIS	SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA “QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOATORIA AS AXUDAS E OS GASTOS PARA A PROMOCIÓN, FOMENTO E DIFUSIÓN DA ARTESANÍA” RECOLLIDAS NA ORDE DO 12 DE ABRIL DE 2017 POLA QUE SE REVIS A RELACIÓN DE ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO ANEXO IV DO DECRETO 218/2001, DO 7 DE SETEMBRO, POLO QUE SE REFUNDE A NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE ARTESANÍA (DOGA Nº 79 DE 25 DE ABRIL DE 2017).
2025_CCP_01_000666	ASOCIACION CSG (COMUNIDADE SAHARAUI EN GALIZA)	G27****91	LUGO		DESESTIMADA SEGUNDO O ART. 66.6 DA LEI 39/2015, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: “Cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio polos interesados, E SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA (“solicitudes”) XA QUE “a presentación das solicitudes realizárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado – asinado electrónicamente - dispoñible na sede electrónicamente da Deputación de Lugo....”, e “a non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas

2025_CCP_01_000702	ASOC SENIOR TELEFONICA LUGO	G27****82	LUGO		DESESTIMADA SEGUNDO O ART. 66.6 DA LEI 39/2015, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: "Cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio polos interesados, E SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA ("solicitudes") XA QUE "a presentación das solicitudes realizárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado - asinado electrónicamente - dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo....", e "a non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas
2025_CCP_01_000681	ASOC PARKINSON LUGO	G27****27	LUGO	CURSO DE BAILE	SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA OS GASTOS CORRENTES PARA ACTIVIDADES DE TERAPIA OCUPACIONAL, FAMILIAR E DE BENESTAR SOCIAL
2025_CCP_01_000076	ASOC CULTURAL A MESA DE BREOGÁN	G75****33	LUGO	XORNADAS XOGOS DE MESA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000570	ASOC CULTURAL LODEIRO	G27****64	MONFORTE	MUSEO LODEIRO	SEGUNDO OS PUNTOS 1 E 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE XUSTIFICA A REALIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE CULTURAL
2025_CCP_01_000678	ASOC DE VECIÑOS DE CUMBRAOS	G27****24	MONTERROSO	MAGOSTO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000327	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA BOLA MEIGA	G27****81	RÁBADE	SUPERLIGA LUCENSE DE FUTBOLÍN	SEGUNDO OS PUNTOS 1 E 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE XUSTIFICA A REALIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE CULTURAL E ADEMAIS, A NATUREZA DOS GASTOS SOLICITADOS NON SE CONSIDERAN GASTOS SUBVENCIONABLES POR ESTA LIÑA DE ACTIVIDADES CULTURAIS
2025_CCP_01_000509	ASOC. DE VECINOS A.V.E.T.O DE LA PARROQUIA DE TORBEO	G27****42	RIBAS DE SIL	ENCANTRO CULTURAL	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000274	APA COLEXIO NACIONAL MIXTO FRAY LUIS DE GRANADA	G27****50	SARRIA	VIAXE CULTURAL	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000693	ASOC. CULTURAL IRMANDADE SARRIA GUERLEDAN	G27****97	SARRIA	IRMANDAMENTO SARRIA - GUERLEDAN	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE

2025_CCP_01_000810	ASOC CULTURAL MEIGAS E TRASGOS C.I.T.	G27****74	SARRIA		SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000144	ASOC DE MULLERES RURAIS LANDRA DE TABOADA	G27****87	TABOADA		DESESTIMADA SEGUNDO O ART. 66.6 DA LEI 39/2015, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: "Cando a Administración nun procedemento concreto establece expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio polos interesados, E SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA ("solicitudes") XA QUE "a presentación das solicitudes realizárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado - asinado electrónicamente - dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo....", e "a non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas
2025_CCP_01_000592	ASOC COLECTIVO PENSAMENTO E SEMENTEIRA	G27****19	VIVEIRO	FOLIADA DE MAIO, ENCONTROS LITERARIOS E ROTEIROS CULTURAIS	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000799	ASOCIACIÓN VIVEIRO EN FESTAS	G75****20	VIVEIRO	XUNTANZA VECINAL	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 15 DE OUTUBRO DE 2025, PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2025_CCP_01_000668	ASOC CULTURAL ROTEIROS DA CARBA	G27****79	XERMADE	ESTUDO, IDENTIFICACIÓN E RECOLECCIÓN DE PRANTAS E FROITOS SILVESTRES	SEGUNDO OS PUNTOS 1 E 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE XUSTIFICA A REALIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE CULTURAL E ADEMAIS, A NATUREZA DOS GASTOS SOLICITADOS NON SE CONSIDERAN GASTOS SUBVENCIONABLES POR ESTA LIÑA DE ACTIVIDADES CULTURAIS

DESESTIMENTO DA SOLICITUDE POR PARTE DO SOLICITANTE

Nº REXISTRO	ENTIDADE SOLICITANTE	NIF	ACTIVIDADE	CONCELLO	DATA PRESENTACIÓN DO DESESTIMENTO
2025_CCP_01_000589	COGAMI LUGO	G27****73	LUGO	VIAXES CULTURAIS	O DÍA 09 DE SETEMBRO DE 2025 DESISTEN DA SOLICITUDE PRESENTADA
2025_CCP_01_000535	ASOC PRESTADORA DE SERVICIOS A XUVENTUDE SAGRADO CORAZON	G27****34	LUGO	FESTIVAL LUGO COA COMEDIA	O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2025 DESISTEN DA SOLICITUDE PRESENTADA

De acordo co punto 10, *Acordos de resolución e comunicación/notificacións Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal> do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 21 de novembro de 2025.- O Presidente, P.D de data 25-06-2025, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3303

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padrón anual, cuadrimestrais, mensuais e clases dirixidas de novembro de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 7.395,25€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de novembro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3278

CERVO

Anuncio

Aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Cervo para o exercicio 2025.

Por Decreto da alcaldía núm. 2025-1193, de 19 de novembro de 2025, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello do ano 2025, que contén os seguintes postos de traballo:

A) PERSOAL FUNCIONARIO

GRUPO/SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
A / A2	Administración Especial	Técnica	Técnico/a Medio responsable de proxectos, obras e urbanismo	1	Concurso-Oposición
A / A2	Administración Xeral	Técnica	Técnico/a de Administración Xeral	1	Concurso-Oposición

B) PERSOAL LABORAL

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
AP	Peón	Peón/a de parques e xardíns	1	Concurso-Oposición
AP	Auxiliar	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	1	Concurso-Oposición

Cervo, 27 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3288

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía 2025 - 0361, de data 06/11/2025, resolveuse aperturar a bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamén aperturar a mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgoso do Courel, 20 de novembro de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3289

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRON DA TAXA DE VADOS DO ANO 2025

Aprobado por Decreto de Alcaldía 2025-0632, o padrón da taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías de calquera clase do Concello de A Fonsagrada, para o exercicio do ano 2025 polo importe total de 6.625,80 €

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 19 de novembro de 2025.- O alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 3279

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o acordo 2/456 ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE NOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA (PR461D), na parte dispositiva do cal se fai constar:

“PRIMEIRO.- Nomear a don Christian Vila Vázquez co DNI ***8729** como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de policía local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala; básica; categoría, policía.

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado ao interesado coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dos dez días seguintes ao nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei

29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 18 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira.

R. 3280

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2025.

Por Resolución de alcaldía do 18 de novembro de 2025, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobadas se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 11 de decembro de 2025 ao 11 de febreiro 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 11 de decembro de 2025 ao 11 de febreiro de 2026**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal da **Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado éste, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 18 de novembro de dous mil vinte e cinco .

A Pontenova, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3281

PORTOMARIN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO XULLO - SETEMBRO/2025.

- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XULLO - SETEMBRO /2025.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 20/11/2025 ata o 21/01/2026.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 3282

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 18 de novembro de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3283

VILALBA

Anuncio

Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 3727/2025

Anuncio definitivo Ordenanza Fiscal núm. 11 da taxa pola rede de sumidoiros.

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro do 2025, da "Ordenanza Fiscal núm. 11 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros", publicado no BOP nº 231 do 8/10/2025, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL Núm. 11

TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 1º- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a "Taxa da Rede

de Sumidoiros” que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, onde as normas atenden ao que se prevé no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

1- Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa que tende a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipais.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais, e o seu tratamento para depuralas.

2- Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3º - SUXEITO PASIVO.

1- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da leira.
- b) No caso de prestación de servizos do núm. 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das leiras do termo municipal beneficiarias dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatario, incluso en precario.

2- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º - RESPONSABLES.

1- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º - COTA TRIBUTARIA.

ANO 2026

1. TARIFAS DO SERVIZO DE SANEAMENTO

a) Subscritores con servizo municipal de abastecemento de auga

Mínimo trimestral (24 m³/trim) 7,3872 €/ab.trim

Por cada m³ facturado en abastecemento 0.3078 €/m³

b) Subscritores sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga (cuxo consumo estea próximo á media do resto dos subscritores)

- COTA FIXA

- Uso doméstico

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 11,0957 €/ab.trim

- Uso comercial

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 11,0957 €/ab.trim

- Uso industrial, hostalaría, obras e outros

(para unha media de 22 m³/abon.mes) 20,3402 €/ab.trim

c) Abonados con subministración non procedente da rede municipal de abastecemento e cun consumo moi superior á media do resto dos subscritores.

Aqueles subscritores/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para medida do caudal vertido á rede. Esta medición servirá de base para a facturación.

De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas se poderá realizar un auditorio do caudal vertido para os efectos de facturación.

Por cada m³ de vertedura, medido ou aforado 0,3078 €/m³

2. PREZO DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø160/200/5 atm. incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme, así como conexión a pozo/colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

GABIA EN TERRA 475,83 €/ud

GABIA EN ASFALTO 550,55 €/ud

GABIA EN BEIRARRÚA 604,71 €/ud

NOTA: todos estes prezos veranse gravados co IVE correspondente

Artigo 6º - EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Só se concederá as exencións ou bonificacións da exacción da presente taxa que veñen establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de Tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º - DEVENGO.

1- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, e enténdese esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as leiras do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a leira non exceda de 100m. e se devengase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 8º- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da leira e o derradeiro día do mes natural seguinte.

Estas derradeiras declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas se sinale outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 19 de novembro de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3284

Anuncio

Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 3728/2025

Anuncio definitivo Ordenanza Fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro de auga.

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro do 2025, da “Ordenanza Fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro de auga”, publicado no BOP nº 231 do 8/10/2025, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 16

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 ao 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, este Concello establece a taxa polos servizos de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, por servizos ou subministracións prestadas polo Concello.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e a utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refiren o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas e locais, que poderá repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5 - COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA:

ANO 2026

1. TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

Mínimo trimestral: 24 m3/trim.	12,5184 €/ab.trim
Mínimo de consumo: 24 m3/trim.	0,5216 €/m3
1º bloque: máis de 24 a 30 m3/trim.	0,5969 €/m3
2º bloque: máis de 30 a 40 m3/trim.	0,7570 €/m3
3º bloque: máis de 40 m3/trim	0,8477 €/m3

2. COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual	0,6222 €/ab.mes
--------------	-----------------

3. ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

MATERIAIS

- Ud. de Collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaría de P.E.B.D: 1 a 5 m.

- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25 cm.

OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 X 25.
 - 1 a 5 m.l. de gabia (apertura, peche e reposición de pavimento).
- (Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia).

Ø Acometida	Terra(A)	Asfalto(B)	Baldosa-beirarrúa(C)
¾"	236,62 €	304,55 €	362,68 €
1"	257,44 €	326,03 €	382,34 €
1¼"-11/2"	309,69 €	377,90 €	435,33 €
2"	368,58 €	435,33 €	493,45 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 m.	¾"	1"	11/4"-11/2"	2"
(A) Incremento € por m.	11,09	13,02	18,53	31,13
(B) Incremento € por m.	24,46	26,34	31,92	44,48
(C) Incremento € por m.	29,40	31,21	36,80	49,37

4. CONTADORES.**4.1. Instalación en batería de contadores ou similar.**

- Contador de 13-15 mm./20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de 13/15 mm. 96,75 €/ud
- Contador de 20 mm. 121,22 €/ud

4.2. Contador diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores, farase presuposto con anterioridade.

4.3. Tarifa de contadores (sen colocación).**TARIFA DE CONTADORES (Sen colocación)**

Ø 13/15 mm	72,04 €/unidade
Ø 20 mm	97,00 €/unidade
Ø 25 mm	157,64 €/unidade
Ø 30 mm	220,84 €/unidade
Ø 40 mm	342,43 €/unidade
Ø 50 mm	747,97 €/unidade
Ø 65 mm	927,25 €/unidade

5. XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

- Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e a comunicación dos recibos pendentes de pago. 5,178 €/ud.

6. FIANZAS NAS ALTAS DOS CONTRATOS DE AUGA.

- Para subministracións domésticas ou comerciais 38,55 €/alta
- Para subministración industrial ou de obra. 86,76 €/alta

7. DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado dun contador: precintado por baixa

voluntaria ou por expediente de corte de subministro.

39,63 €/ud.

8. CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DOS RACORES DO EQUIPO DE MEDIDA

Por conexión á rede dun contador instalado por persoal

alleo ao servizo municipal de augas e precintado dos racores.

39,63 €/ud.

9. COMPROBACIÓN DE CONTADOR DO ABOADO CON CONTADOR PATRÓN

A petición do aboado: por comprobación da medición

do contador do aboado co contador patrón.

39,63 €/ud.

(Todos os prezos se verán gravados co IVE correspondente)

Artigo 6. EXENCIÓN E BENEFICIOS FISCAIS.

Gozarán de exencións aquelas persoas cuns ingresos familiares que non acaden o salario mínimo interprofesional, e se encontren en situación de necesidade, despois de ser informados polos servizos sociais do Concello.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados e/ou acordos internacionais.

Artigo 7. DEVENGO.

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicia a prestación do servizo, e realizarase a súa facturación e cobro con carácter trimestral.

Artigo 8. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao que se dispoña na Lei xeral tributaria.

Artigo 9. NORMAS DE XESTIÓN.

- As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita.
- En caso de vivendas ou edificios de nova construción, deberán obter previamente a correspondente licenza de primeira ocupación.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efecto no trimestre natural seguinte ao da súa presentación. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 10.

No que se dispón nesta ordenanza, aterase ao que se establece na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas se sinale outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 19 de novembro de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3285

VIVEIRO

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía de fecha 17 de noviembre de 2025, se aprobó la Oferta de Empleo Público correspondiente al ejercicio 2025, y ordenó su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2025

PLAZAS A INCLUIR EN LA OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2025

PLAZAS FUNCIONARIOS (ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA-SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN)

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
OFICIAL POLICÍA LOCAL	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV ESP.	C1	AS2-/157

PLAZAS LABORALES

ACCESO LIBRE (SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN)

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
CONSERJE	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP	GAP	EC2-/078
OFICIAL/A PRIMERA CONDUCTOR	2	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP	C2	AS1-/153 OP0.1/141
BIBLIOTECARIO/A (Tiempo parcial*50%)	1	0	1	ESC. ADM. ESP. SUB. TÉC.	C1	EC1-/048
SOCORRISTA (Tiempo parcial*50%)	1	0	1	ESC. ADM. ESP. SUB. TÉC.	C2	EC3.1/082

PLAZAS LABORALES (ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL-SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN)

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
ENCARGADO/A DE LA BRIGADA DE PARQUES Y JARDINES	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP	C2	OP0.2/151

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PLAZAS LABORALES (ACCESO LIBRE. SISTEMA SELECTIVO CONCURSO. APLICACIÓN CONVOCATORIA EXCEPCIONAL ESTABILIZACIÓN EMPLEO TEMPORAL LARGA DURACIÓN. DISPOSICIÓN ADICIONAL OCTAVA LEY 20/2021)

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
LIMPIADOR/A	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP	GAP	EC0.4/098bis. Tiempo parcial

Lo que se hace público para general conocimiento, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 70.2 del Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado/a Público.

Viveiro, 20 de noviembre de 2025.- La alcaldesa, Dña. María Carmen Gueimunde González.

R. 3290